

ACTA NÚMERO: 25/2023

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 9 DE AGOSTO DE 2023.

Na sala de Comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas e trinta minutos do día 9 de agosto de 2023 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidente: D. Antonio Torrón Casal, técnico do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario da Deputación
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Daniel Romay Díaz, Director de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.
- Dona Fátima Monteagudo Pereira, técnica de xestión no Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio

Secretaria: Dona Carmen de Peña Vidal, técnica do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Apertura electrónica dos sobres "Únicos" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do alleamento da uva da finca do Castelo de Soutomaior no ano 2023, propiedade da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2023048681).*

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifiestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. ***Apertura electrónica dos sobres "Únicos" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do alleamento da uva da finca do Castelo de Soutomaior no ano 2023, propiedade da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2023048681).***



A Secretaria da Mesa de Contratación informa que, mediante Resolución Presidencial núm. 2023005969, de data 26 de xullo do 2023, aprobouse o expediente de contratación para a adjudicación, mediante poxa pública, do alleamento da uva da finca do Castelo de Soutomaior do ano 2023, propiedade da Deputación de Pontevedra.

O anuncio de licitación publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 26 de xullo de 2023, xunto cos pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas.

A Secretaria comenta que a presentación de ofertas realizouse mediante a plataforma de licitación electrónica Vortal, que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores. A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo. Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Presidente e a Secretaria da Mesa de Contratación acceden á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descrición e descarga da documentación do sobre “único”, correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos, presentada polas empresas que participan no devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación dos sobres únicos presentaron ofertas as seguintes empresas:

ENOTURISMO ACHA, S.L. (NIF : B36476380)

O valores ofertados foron os seguintes:

ENOTURISMO ACHA, S.L. NIF : B36476380

Prezo ofertado:

Para a uva albariña:

Importe sen o IVE	1,39 €/Kg
IVE (4%)	0,06 €/Kg
Importe total ofertado	1,45 €/Kg



Para o resto das variedades brancas:

Importe sen o IVE	1,01 €/Kg
IVE (4%)	0,04 €/Kg
Importe total ofertado	1,05 €/Kg

Neste importe inclúense os custos derivados dos traballos de vendima, de recollida da uva na leira do Castelo e do seu transporte á adega que serán levados a cabo por parte da persoa adxudicataria.

A continuación, a Mesa procede á avaliación das proposicións das empresas licitadoras, de acordo cos criterios de adxudicación establecidos no prego administrativo, sendo o resultado da mesma o seguinte:

Empresa	Prezo uva alvariña	Prezo outras variedades	Puntuación total
ENOTURISMO ACHA, S.L. (NIF : B36476380)	80,00 puntos	0,00 puntos	80,00 puntos

A Mesa de Contratación acorda:

- 1) Admitir as seguintes empresas neste procedemento convocado para a adxudicación, mediante poxa pública, do alleamento da uva da finca do Castelo de Soutomaior do ano 2023, propiedade da Deputación de Pontevedra:

- ENOTURISMO ACHA, S.L. (NIF : B36476380)

- 2) Aprobar a clasificación de ofertas admitidas no procedemento convocado para a adxudicación, mediante poxa pública, do alleamento da uva da finca do Castelo de Soutomaior do ano 2023, propiedade da Deputación de Pontevedra, que queda da seguinte forma:

Orde de clasificación	Empresa	Puntuación total
1 ^a	ENOTURISMO ACHA, S.L. (NIF : B36476380)	80,00 puntos



- 3) Propor ao órgano de contratación que proceda á *adxudicación, mediante poxa pública, do alleamento da uva da finca do Castelo de Soutomaior do ano 2023*, propiedade da Deputación de Pontevedra, á empresa ENOTURISMO ACHA, S.L. (NIF : B36476380), polos prezos e valores ofertados, conforme ao seguinte:

Prezo ofertado:

Para a uva albariña:

Importe sen o IVE	1,39 €/Kg
IVE (4%)	0,06 €/Kg
Importe total ofertado	1,45 €/Kg

Para o resto das variedades brancas:

Importe sen o IVE	1,01 €/Kg
IVE (4%)	0,04 €/Kg
Importe total ofertado	1,05 €/Kg

Neste importe inclúense os custos derivados dos traballos de vendima, de recollida da uva na leira do Castelo e do seu transporte á adega, que serán levados a cabo por parte da persoa adxudicataria.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e cincuenta minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, a Secretaria, o Presidente da Mesa de Contratación.

